

A travesía do gran Sáhara

Estaba sedento, con moita fame, cansado e sen esperanzas para saír do deserto, pero, como cheguei ata aquí? Estaba a facer unhas mostras das miñas investigacións no Sáhara, pero de repente, desconectei e aparecín esperto xunto a unha familia de víboras velenosas que me estaban observando detidamente coma se eu vise unha mísera gota de auga e unha miga de pan. Intentei dominalas coa miña vista pero de súpeto, vin catro grandes mordidas nos meus brazos, non me molestaban no movemento dos brazos pero...

Estaba abatido polas pésimas condicións nas que me encontraba, de súpeto, vin unha caseta moi pequena, empecei a correr cara a ela como podía, deixando atrás esas malas serpes velenosas coas que pasara un mal trago. A porta estaba aberta e vin unha neveira na que había auga e moitos alimentos pero, o que me chamou era unha chave dun coche, mirei por unha pequena ventá vin un coche, rapidamente probei coa chave e marchei rapidamente cara á aldea.

Adrián Rodríguez Fernández